

ACTA (MINUTA-BORRADOR)

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2018/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de xullo de 2018
Duración	Desde as 21:04 ata as 21:56 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS
Presidida por	FÁTIMA ABAL ROMA
Secretario	EVA MARÍA CASAL SANJURJO

ASISTENTES

PSOE: D^a. Fátima Abal Roma; D. Miguel Pérez Osorio; D^a. Milagros Martínez Piñeiro.

BNG: D^a. M.^a Teresa Prado Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas.

Somos Cambados: D. Xurxo Charlín Trigo; D. Constantino Cordal Rodríguez.

Cambados Pode: D. José Ramón Abal Varela.

PP: D. Luís Aragunde Aragunde; D^a Ana Isabel Oubiña Santos; D. Antonio J. Iglesias Pombo; D^a M^a Isabel Varela Piñeiro; D. Juan Ramiro Gómez Blanco; D. Luís Alberto Serantes González; D^a Mónica Brea Troncoso; D. Eulogio Pomares Botana.

Escusa a súa ausencia, por motivos persoais D^a. M.^a Josefa Cacabelos Domínguez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as 21,04 horas do día **2 de xullo de 2018**, reúnen os concelleiros mencionados anteriormente, co obxecto de celebrar sesión pública ordinaria do Pleno Municipal, en primeira convocatoria, para tratar os asuntos incluídos na orde do día, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa e asistidos pola Sra. Secretaria, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola Sra. Secretaria a válida constitución do Órgano, a Presidenta abre a sesión, pola que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expte. 2544/2018.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/RATIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 27.06.2013 - DECLARACIÓN DA FESTA DO ALBARIÑO COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL.-

Visto o contido do requirimento efectuado pola “Axencia de Turismo de Galicia”, relativo a solicitude de “Declaración de Festa de Interese Turístico Internacional da Festa do Viño Albariño”, que se pasa a transcribir de xeito literal:

“Segundo o apartado 2 do artigo cuarto da orde estatal, “as solicitudes para a declaración de Festa de Interese Turístico haberán de ir acompañadas de Acordo do Pleno do Concello da localidade en que se celebre,..” Unha vez examinado o expediente, obsérvase que o acordo máis recente do Pleno é do 27 de xuño de 2013. Por esta razón é necesario que se achegue o correspondente acordo de data máis próxima á presentación da solicitude de declaración de festa de interese turístico internacional.”

En atención ao contido do requirimento transcrito, por parte da Alcaldía do Concello de Cambados proponse:

Que polo Pleno do Concello de Cambados se tome acordo de ratificación do aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 27 de xuño de 2013 sobre: “SOLICITUDE, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DA FESTA DO ALBARIÑO COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL”, que se pasa a transcribir de xeito literal:

“SOLICITUDE, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DA FESTA DO ALBARIÑO COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL.- Dáse conta da PROPOSTA DA PRESIDENCIA, informada favorablemente pola Comisión de Cultura en sesión celebrada o día 26 de xuño, e na que se recolle que: “No ano 2009, por parte da Alcaldía, iniciáronse diferentes xestións coa finalidade de poder solicitar, perante o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (Secretaría Xeneral de Turismo - Subdirección Xeneral de Calidade e Innovación Turísticas), por medio da Secretaría Xeral de Turismo, e ó abeiro da Orde ITC/1763/2006, de 3 de maio (BOE nº 135, de 07.06.2006) a declaración da “Festa do Viño Albariño” como Festa de Interese Turístico Internacional. De acordo coa referida disposición, a solicitude para declaración da Festa como de interese turístico internacional haberá de ir acompañada do correspondente acordo plenario, así como dunha memoria explicativa na que se detallará entre outros apartados:

- a) Orixe, antigüidade, e raigambre tradicional, valor cultural, significación e alcance como atractivo turístico.*
- b) Data de celebración e descrición dos actos que a compoñen.*
- c) Existencia na localidade ou na súa área xeográfica inmediata (cunha distancia non superior a 50 km.) dun equipamento axeitado de aloxamentos e servizos turísticos para a recepción de visitantes. Así como a presentación dun mínimo de dez actuacións de difusión dun ou varios países estranxeiros.*
- d) Na súa consecuencia, e coidando que este Concello ten acadada todo a documentación precisa, é polo que esta Presidencia proponlle ó Pleno da Corporación, ó igual que xa o fixo a Comisión Informativa de Cultura, para que de xeito unánime se pronuncie e adopte acordo no sentido de solicitar a declaración da “Festa do Viño Albariño” como Festa de Interese Turístico Internacional, facultándose ó mesmo tempo a esta Presidencia para a realización de cantas xestións resulten necesarias aos indicados efectos.”*

Pola Sra Alcaldesa ábrese o turno de intervencións:

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa, Fátima Abal Roma, para manifestar que se ben en xuño de 2010 rexeitouse a primeira moción presentada neste sentido polo seu grupo e o mesmo se fixo no ano 2012, coidan que esta declaración vai ser algo bo para Cambados e para todo o sector, polo que van votar a favor.

Intervén a continuación o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para dicir que lles parece

estraño que este asunto non se trouxera antes ao Pleno, e tendo en conta que esta declaración convalecerá novos canles de promoción, á vez que un motivo máis de orgullo van votar a favor. **O Sr. Alcalde manifesta que o P.P.** leva facendo xestións en relación con este tema dende o ano 2006, e que no ano 2010 non se debateu o fondo senón a forma pois o equipo de goberno xa levaba tempo traballando neste asunto; expón que no ano 2009 Cambados foi sede do Congreso Internacional de Confrarías Enogastronómicas, e pese a todo o feito era necesario dispoñer de máis publicacións internacionais sobre a festa, e en definitiva, todos están de acordo en que o máis importante é acadar este recoñecemento, pois elo, vai supoñer unha maior puntuación á hora de optar a subvencións Estatais e Autonómicas, sendo este, un punto importante de unión; apunta ademais, que no ano 2013 celebrárase a sesenta e unha edición desta Festa, da que os seus máximos valedores son os viticultores, os adegueiros e por suposto tódolos cambadeses.

Non producíndose máis intervencións, pola Alcadesa sométese a proposta a votación, e o Pleno, por **unanimidade, adopta o seguinte acordo:**

1. Solicitar perante o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (Secretaría Xeneral de Turismo - Subdirección Xeneral de Calidade e Innovación Turísticas), por medio da Secretaría Xeral de Turismo, e ó abeiro da Orde ITC/1763/2006, de 3 de maio (BOE nº 135, de 07.06.2006) a declaración da “Festa do Viño Albariño” como Festa de Interese Turístico Internacional
2. Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como sexa necesario, para que poida realizar cantos trámites resulten precisos aos indicados efectos.

Expte. 214/2018.- RATIFICACIÓN ACORDO X.G.L. DO 17.01.2018 S/ SOLIC. SUBVENCIÓN PLAN DE OBRAS E SERVIZOS - PLAN CONCELLOS 2018.-

De acordo ao recollido na base décima da convocatoria que regula a solicitude do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, no caso de seren aprobados mediante decreto de Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta de dita aprobación ao Pleno da Corporación municipal.

Por tal motivo, é polo que resulta necesario a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, por Delegación da Alcaldía de 29/06/2015, en sesión celebrada o día 17 de xaneiro do ano 2018, que é do seguinte tenor literal: “6.1.- *Plan de Obras e Servizos/Plan Concellos-2018.- Vistas as Bases Reguladoras e convocatoria, do Plan de Obras e Servizos, LIÑA 3, publicadas no BOP de 3 de xaneiro de 2018.*

Visto o obxecto das mencionadas bases, que recolle tres Liñas de actuación, e o abeiro da Liña 3.- Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, a Xunta de Goberno Local, á vista da memoria que obra no expediente, acorda: Primeiro.- A contratación de 24 demandantes de emprego, seleccionados ó abeiro do criterio establecido nas bases de convocatoria, para reforzo de distintos servizos municipais, os que está previsto, segundo a memoria que figura no expediente, se lles retribúa a parte proporcional do Salario Mínimo Interprofesional, o estar previsto a contratación a tempo parcial, sendo un custe total de 215.155,76 €

Segundo.- Aprobar a Memoria descritiva e orzamento para a contratación de 24 demandantes de emprego, que se destinarán a servizos de competencia municipal e que cumpren os requisitos establecidos nas bases en canto a capacidade técnica e de xestión.

Terceiro.- Solicitar a Excm. Deputación de Pontevedra a cantidade de 215.155,76€ para levar a cabo as referidas contratacións.

Cuarto.- Dar traslado do presente Acordo ós departamentos de Tesourería, Intervención e Persoal.”

O Pleno da Corporación, **por unanimidade** dos membros presentes, **ACORDA, ratificar integramente en tódolos seus termos, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 17 de xaneiro de 2018 relativo á solicitude do Plan de Obras e Servizos/Plan Concellos-2018.- Liña 3.- Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, polo que se**

ACORDA:

Primeiro.- A contratación de 24 demandantes de emprego, seleccionados ó abeiro do criterio establecido nas bases de convocatoria, para reforzo de distintos servizos municipais, os que está previsto, segundo a memoria que figura no expediente, se lles retribúa a parte proporcional do Salario Mínimo Interprofesional, o estar previsto a contratación a tempo parcial, sendo un custe total de 215.155,76 €.

Segundo.- Aprobar a Memoria descritiva e orzamento para a contratación de 24 demandantes de emprego, que se destinarán a servizos de competencia municipal e que cumpren os requisitos establecidos nas bases en canto a capacidade técnica e de xestión.

Terceiro.- Solicitar a Excm. Deputación de Pontevedra a cantidade de 215.155,76€ para levar a cabo as referidas contratacións.

Cuarto.- Dar traslado do presente Acordo ós departamentos de Tesourería, Intervención e Persoal.

Expte. 543/2018.- RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2018

Pola presidencia procédese á lectura da proposta da alcaldía para a aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2018, que se transcribe seguidamente:

“Formado o Orzamento deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018, así como as súas Bases de Execución e demais documentos anexos, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto así mesmo o Cadro de Persoal a aprobar xunto co orzamento do exercicio 2018, de acordo co disposto no artigo 90.1 de a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 126 e 127 do R.D.Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Visto que o goberno municipal, en sesión extraordinaria celebrada o día 10 de maio de 2018, aprobou inicialmente o Orzamento para o exercicio económico 2018. Devandito acordo foi sometido a 15 días hábiles de exposición pública, mediante anuncio inserido no BOPPO nº 105, de data 1 de xuño de 2018.

Visto que a certificación que se incorporada ao expediente electrónico emitida por Secretaría, presentouse unha alegación que forma parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento para o ano 2018:

- Rexistro de entrada número 3629 de data 22 de xuño de 2018, presentada por D. Eduardo Rejo Portela, en nome e representación da “Unión Provincial da Central Sindical Independente y de Funcionarios” (CSI-F), presenta alegacións ao referido acordo de aprobación inicial do Orzamento para o exercicio económico 2018.

Visto e coñecido o contido do informe da Interventora municipal, de data 23 de abril de 2018.

Visto o informe emitido por Secretaría con data 02/05/2018 en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Aos efectos establecidos no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a Ditame da Comisión Informativa de Facenda e posterior remisión ao Pleno da seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO. *Desestimar as alegacións ao acordo de aprobación inicial do Orzamento para o exercicio económico 2018, presentadas por D. Eduardo Rejo Portela, en nome e representación da “Unión Provincial de la Central Sindical Independente y de Funcionarios” (CSI-F), polos motivos expresados no Informe de Intervención de data 27 de xuño de 2018, do que se remitirá copia ao interesado xunto coa notificación do presente Acordo.*

SEGUNDO. *Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2018, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:*

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2018 IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	9.458.259,60 €
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	8.813.224,05 €
1	Impostos directos	2.529.000,00 €
2	Impostos indirectos	165.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.064.702,00 €
4	Transferencias correntes	3.847.022,05 €
5	Ingresos patrimoniais	207.500,00 €
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	645.035,55 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencia de capital	645.035,55 €
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	22.000,00 €
8	Activos financeiros	22.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL INGRESOS		9.480.259,60 €

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2018 IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	9.195.414,54 €
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	8.535.376,99 €
1	Gastos do persoal	3.878.255,66 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	4.258.555,00 €
3	Gastos financeiros	6.042,57 €
4	Transferencias correntes	324.654,26 €
5	Fondo de continxencia	67.869,50 €
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	660.037,55 €
6	Investimentos reais	655.035,55 €
7	Transferencias de capital	5.002,00 €
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	284.845,06 €
8	Activos financeiros	22.000,00 €
9	Pasivos financeiros	262.845,06 €
TOTAL GASTOS		9.480.259,60 €

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o Cadro de Persoal do exercicio 2018.

CUARTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación aproba por **unanimidade** o Orzamento para o exercicio 2018.

Expte. 2506/2018.- APROBACIÓN DO RÉXIME DE FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA DE REQUISITOS BÁSICOS.

Seguidamente por Secretaría dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, do expediente 2506/2018, de fecha 22 de xuño de 2018 sobre o réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos, que cita literalmente:

“(…)ACORDO DE APROBACIÓN DO RÉXIME DE FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA DE REQUISITOS BÁSICOS.

Con arranxo ao apartado 2 do art. 219 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo: “O Pleno poderá acordar, a proposta do presidente, e previo informe do órgano interventor, que a intervención previa limítese a comprobar os seguintes extremos:

- a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza de gasto ou obrigaçión que se propoña contraer. Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 desta lei.*
- b) Que as obrigaçións ou gasto xéranse por órgano competente.*
- c) Aqueloutros extremos que, pola súa transcendencia no proceso de xestión, determínense polo Pleno a proposta do presidente. Dispoñendo no seu apartado 3 que: “As obrigaçións ou gastos sometidos á fiscalización limitada (...) serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría, co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao do cumprimento da legalidade na xestión dos créditos.”*

De conformidade co apartado 4 do citado artigo: “As entidades locais poderán determinar, mediante acordo do Pleno, a substitución da fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría”.

Pola súa banda, o art. 13 do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local dispón que:

- 1. Previo informe do órgano interventor e a proposta do Presidente, o Pleno da Entidade Local poderá acordar o réxime de fiscalización e intervención limitada previa.*
- 2. Para aqueles casos nos que o Pleno acorde a fiscalización e intervención limitada previa, o órgano interventor limitarase a comprobar os requisitos básicos seguintes:*
 - a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obrigaçión que se propoña contraer.*

Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.

Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Entenderase que o crédito é adecuado cando financie obrigaçións a contraer ou nada e non prescritas a cargo á tesourería da Entidade Local que cumpran os requisitos dos artigos 172 e 176 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

b) Que as obrigaçións ou gastos xéranse por órgano competente.

En todo caso comprobarase a competencia do órgano de contratación ou concedinte da subvención cando devandito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

c) Aqueloutros extremos que, pola súa transcendencia no proceso de xestión, determínense polo Pleno a proposta do Presidente previo informe do órgano interventor.

A estes efectos, con independencia de que o Pleno ditase ou non acordo, consideraranse, en todo caso, transcendentales no proceso de xestión os extremos fixados no Acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, con respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos

básicos, naqueles supostos que sexan de aplicación ás Entidades Locais, que deberán comprobarse en todos os tipos de gasto que comprende.

Adicionalmente, o Pleno da Corporación, previo informe do órgano interventor, poderá aprobar outros requisitos ou trámites adicionais que tamén terán a consideración de esenciais.

Na determinación destes extremos atenderase especialmente a aqueles requisitos contemplados na normativa reguladora para asegurar a obxectividade, a transparencia, a non discriminación e a igualdade de trato nas actuacións públicas.

3. Con todo, será aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa respecto daqueles tipos de gasto e obrigacións para os que non se acordou o réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, así como para os gastos de contía indeterminada.

4. As obrigacións ou gastos sometidos á fiscalización e intervención limitada previa a que se refire o apartado 2 deste artigo serán obxecto doutra plena con posterioridade.

Ditas actuacións levarán a cabo no marco das actuacións do control financeiro que se planifiquen nos termos recolleitos no título III deste Regulamento.”

Engade o artigo 19 do mesmo texto legal que:

“Sen prexuízo do establecido no artigo 13 deste Regulamento, ao efectuar a intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigacións deberase comprobar ademais:

a) Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse simultaneamente.

b) Que os documentos xustificativos da obrigación axústanse ás disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación. En todo caso, na documentación deberá constar:

1. Identificación do acredor.
2. Importe exacto da obrigación.
3. As prestacións, servizos ou outras causas das que derive a obrigación do pago.

c) Que se comprobou materialmente, cando cumpra, a efectiva e conforme realización da obra, servizo, subministración ou gasto, e que foi realizada no seu caso dita comprobación.”

O art. 9 do RD 424/2017 establece en relación cos ingresos que “a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local e a dos seus organismos autónomos poderase substituír, sempre que o acordara o Pleno, polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior a que se refire o apartado seguinte. O control posterior dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local e a dos seus organismos autónomos efectuarase mediante o exercicio do control financeiro (...)”.

En virtude do disposto no art. 219 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e os arts. 9 e 13 do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local o Pleno da Corporación, e previo informe da Interventora Municipal emitido con data 21 de xuño de 2018, esta Alcaldía propón ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- A fiscalización dos actos, documentos ou expedientes susceptibles de producir obrigacións de contido económico ou movementos de fondos e valores, e a intervención previa da liquidación de gastos ou recoñecemento de obrigacións realizarase en réxime de fiscalización e intervención limitada previa, mediante a comprobación dos seguintes extremos (...)”.

Non habendo máis intervencións, pola Alcaldía sométese o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, este é aprobado por unanimidade.

Expte. 2455/2018.- MOCIÓN DO GRUPO MPAL. DO PSGdeG-PSOE SOBRE NECESIDADE DE AUMENTAR OS RECURSOS DO SERVIZO DE AVALIACIÓN DAS DISCAPACIDADES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

O grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Cambados, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación á necesidade de aumentar os recursos do servizo de avaliación da discapacidade da provincia de Pontevedra. Exposición de motivos:

“A situación dos servizos de avaliación e orientación (EVO) da consellería de Benestar Social na provincia de Pontevedra está a provocar unha enorme lista de espera de persoas con discapacidade que permanecen sen poder optar ás prestacións pola falla de avaliación.

De feito a lista de espera para a primeira avaliación na provincia está por riba das dez mil persoas. Segundo os seus propios datos, cada mes preséntanse máis de 400 novas solicitudes, o que está a provocar entón aos tres anos de atraso para a revisión das solicitudes, polo que o colapso do servizo é considerable.

Xa no 2016 a propia consellería de Política Social recoñecera a situación de bloqueo deste servizo e planificara a creación de dous novos equipos, aínda que finalmente, o goberno galego decidiu crealos en Ferrol e A Coruña, deixando Pontevedra sen este reforzo.

Esta situación está a afectar moi considerablemente a persoas cunha situación socio-económica moi desfavorecida e que, cun recoñecemento da súa discapacidade, verían reducidos certos impostos e terían posibilidades de atopar un emprego na función pública.

Por todo elo, o grupo Socialista, no Concello de Cambados presenta a seguinte moción:

- 1. Instar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a dotar á provincia de Pontevedra de dous novos equipos de valoración e orientación da discapacidade.*
- 2. Instar á Consellería de Política Social a aumentar o número de persoal dos equipos de valoración actuais e suplir as xubilacións e as baixas por enfermidade de xeito urxente.*
- 3. Dar traslado deste acordo plenario ao Presidente da Xunta de Galicia.”*

Aberto o debate sobre o asunto, prodúcense a seguintes intervencións polos membros corporativos:

Intervén o Sr. Abal Varela, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, e indica que está de acordo co que se solicita e dende o seu partido apoiarán a moción.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez, voceiro do grupo municipal Somos Cambados, e fai recordar que fai preto de dous anos, o seu partido presentou unha moción moi similar, indicando que por aquel entón, a lista media de espera era de 18 meses, e dende entón empeorou, polo que engade que o seu partido apoiará esta moción.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, para manifestar que o seu partido apoia a moción.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, indicando que esta moción entregouse no Rexistro de entrada o día 14 de xuño, e resulta que o día 1 de xuño comezaron 10 novos equipos na provincia de Pontevedra, polo tanto, entenden que esta moción está fora de lugar, e indica que na moción pídense dous equipos EVO e chegaron dez, información que lle remitiu a Xunta de Galicia.

Intervén a Sra. Martínez Piñeiro, Concelleira do grupo municipal PSdeG-PSOE, para aclarar que na páxina web da Xunta, de Política Social xunta.gal, constan dous equipos, sendo Pontevedra e Vigo, e tiveron un mes para tramitalo.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde para indicar que dende o seu partido votarán en contra da aprobación da moción, porque o problema exposto na moción xa foi solucionado.

O Pleno da Corporación Municipal procede a retirar a moción da orde do día.

Expediente 2457/2018. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE ENFERMIDADES DO SISTEMA CARDIOVASCULAR E SOLICITUDE DE AMBULANCIA MEDICALIZADA PARA A COMARCA DO SALNÉS

A Sra. Alcaldesa da conta ao Pleno da Corporación Municipal da moción presentada polo grupo municipal PSdeG-PSOE.

O grupo municipal Socialista, no Concello de Cambados, ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción, que transcrita literalmente di o seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“O infarto agudo de miocardio é un dos problemas sanitarios máis sensibles á resposta rápida que se poida dar á persoa afectada. As enfermidades do sistema cardiovascular son a primeira causa sanitaria de falecemento en Galicia, e máis de 1000 persoas morreron en Galicia por infarto agudo de miocardio no ano 2016 (Instituto Nacional de Estatística 2016).

A planificación da atención por infarto agudo de miocardio resulta esencial para as consecuencias, tanto en termos de mortalidade como de control das secuelas que poida deixar. Como todos os expertos apuntan, unha rápida atención é esencial para a recuperación e control de consecuencias. Aínda así a planificación da atención ao infarto de miocardio vén sendo sinalada como unhas das grandes eivas das da atención sanitaria en Galicia.

A pesares dalgunhas modificacións respecto da atención aso infartados noutras áreas sanitarias, non existiu ningunha modificación na planificación que afecta aos pacientes da extinta área sanitaria de O Salnés, hoxe reducida a distrito sanitario, que seguen sendo enviados a Vigo cando, en boa parte dos casos, serían máis rapidamente atendidos no CHUS de Compostela, pola proximidade de dito centro.

En recentes datas, existen profesionais coñecedores a fondo do sistema sanitario de Galicia no referente á atención ás persoas infartadas, que reinciden na necesidade de mellorar estas cuestións, e poñen en dúbida a vontade de modificar e mellorar os aspectos relacionados coa planificación da atención ao infarto agudo de miocardio.

Sinaladamente apuntaron á necesidade de que os doentes afectados en O Salnés sexan derivados a Santiago e non a Vigo.

Ante esta situación o Grupo parlamentario socialista vén de presentar unha iniciativa no Parlamento de Galicia, no que se instaba ao Goberno da Xunta e á Consellería de Sanidade a realizar nun prazo de dous meses un informe específico sobre a atención ás persoas con infarto agudo de miocardio na na extinta área sanitaria de O Salnés, hoxe reducida a distrito sanitario, e o seu traslado a outro centro hospitalario e a dotar ao hospital de O Salnés dunha ambulancia de soporte vital avanzado para mellorar as condicións de atención sanitaria ao conxunto da poboación, e en particular para as persoas afectadas por infarto agudo de miocardio. Iniciativa que foi rexeitada polo Grupo parlamentario do Partido Popular. Para os socialistas do Salnés é inaceptable que se trate á poboación do Salnés coma cidadáns de segunda, en algo tan vital coma é unha atención rápida e especializada, que ofrece a dotación dunha ambulancia de soporte vital avanzado para o Salnés, tal e como indica o informe de SEMES Galicia.”

Toma a palabra o **Sr. Pérez Osorio**, concelleiro do grupo municipal Socialista para manifestar o seguinte:

“A optimización dos tempos de resposta de atención sanitaria é fundamental á hora de salvar vidas, temos a sorte de contar con profesionais de gran valía na nosa sanidade pública, pero por desgraza non se lles está dotando dos medios máis axeitados para levar a cabo a súa labor tan fundamental na sociedade. Desde este grupo levamos xa tempo reclamando a dotación dunha ambulancia medicalizada ou un home permanente, para o que debería seguir sendo, a área sanitaria do Salnés, unha dotación que reclaman os propios profesionais sanitarios, que co paso do tempo convértese en

algo cada vez máis urxente. A Organización Mundial da Saúde recomenda un radio cunha ambulancia medicalizada por razón de 20.000 habitantes. A área sanitaria integrada en Pontevedra e Salnés conta tan so cunha única ambulancia destas características, con base en Pontevedra, para unha poboación que supera os 300.000 habitantes repartidos en 27 Concellos, o cal é unha auténtica barbaridade. A sociedade española de medicina de emerxencias e urxencias elaborou en 2016 un informe para a Mancomunidade do Salnés no que reflicte que existe unha suficiente poboación para que o Salnés dispoña unha UVI móbel. Esta ambulancia medicalizada propia, melloraría o tempo de resposta en 20 ou 25 minutos, os cales poden supoñer a diferenza entre salvar unha vida ou non poder facelo, xa que este equipamento evitaría ter que facer unha parada intermedia no Hospital do Salnés. O procedemento actual establece que o paciente é levado ó Hospital do Salnés onde é estabilizado e trasladado a Vigo, no cal se recorre a única ambulancia medicalizada do radio da Provincia antes citada, con base en Pontevedra, e que en moitas ocasións, como é obvio, está ocupada, debido á enorme área de poboación á que ten que facer fronte. Resulta incomprendible que os traslados teñan que ser forzosamente a Vigo, que se atopa a 42 minutos do Hospital do Salnés e a 59 quilómetros, en lugar de a Santiago, que está a 35 minutos, 45 quilómetros. En resumidas contas, na actualidade hai cidadáns de primeira e cidadáns de segunda, en función do lugar no que se atopen, que é algo totalmente inasumible para unha Administración que ten entre as súas obrigas a de garantir, dentro do posible, a máxima igualdade de dereitos entre a cidadanía. Por todo o citado, parece evidente que estamos ante unha necesidade que debe ser cuberta. Sen embargo, de maneira sistemática e reiterada, atopámonos sempre cunha negativa como resposta por parte da Xunta de Galicia, que é a Administración que ten as competencias nesta materia. Unha negativa que non debe ser vista como unha decisión illada, senón que está marcada dende un contexto máis amplo en relación coa Sanidade Pública. A negativa de dotar a Comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada ten moito que ver con asuntos como o peche polas tardes do Centro de Saúde no verán, que se suma ao habitual peche estival da terceira planta do Hospital do Salnés. Coa recente negativa de incorporar unha emenda para que o Conselleiro de Sanidade acordase unha reunión coa Alcaldesa de Cambados, para poder trasladarlle cuestións relevantes en relación ao Centro de Saúde e poder establecer un acordo estable sobre a atención sanitaria e o Centro de Saúde do Concello de Cambados. Sen necesidade de investigar demasiado en profundidade, un dato esclarecedor á par de preocupante, resulta que os veciños e veciñas do Salnés e Barbanza, somos os galegos con máis gasto á sanidade privada. Está claro que o exposto, atopámonos ante unha negativa ideolóxica por parte quen dispensa a Sanidade Pública como todo o que teña que ver coas asistencias de servizos públicos de calidade, que garantan a igualdade de oportunidades de todas as persoas. Hai dous bandos: os de quen defendemos a Sanidade Pública e o Estado de Benestar e aqueles que o están a degradar, escusándose dos servizos para poder proceder ao seu desmantelamento, que ven un negocio en vez de ver un dereito, ante isto non hai que marcar a distancia, hai que ter moi claro cales deben ser as prioridades das Administracións Públicas.

Por iso dende o grupo municipal Socialista de Cambados sometemos á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PROPOSTA

1. O Pleno da Corporación municipal de Cambados manifesta o seu rexeitamento á negativa da Xunta de Galicia a dotar dunha ambulancia medicalizada á Comarca do Salnés.
2. O Pleno da Corporación municipal de Cambados insta á Xunta de Galicia a reconsiderar este posicionamento e á Consellería de Sanidade a dotar dunha ambulancia medicalizada ao Salnés.
3. Instar á Consellería de Sanidade a realizar un estudo sobre cal é a derivación máis rápida para os afectados de miocardio, ou ben Vigo ou ben Santiago.
4. Dar traslado e instar aos Concellos da área sanitaria do Salnés á aprobación nos seus respectivos Plenos desta moción.
5. Dar traslado e instar ao Pleno da Mancomunidade do Salnés á aprobación desta moción.
6. Dar traslado destes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Conselleiro de

Sanidade.”

A Sra Alaldesa abre o turno de intervencións:

Intervén o Sr. Abal Varela, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, e manifesta que está de acordo coas propostas presentadas na moción e indica que dende o seu partido votarán a favor.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez, voceiro do grupo municipal Somos Cambados para indicar que dende o seu partido chegaron ao municipio pedindo melloras nos servizos sanitarios, ó mesmo tempo, explica a necesidade de dotar a comarca do Salnés cos medios necesarios para atender as enfermidades cardiovasculares, pois a rapidez é primordial para salvar vidas; segue argumentando que o empeoramento dos servizos sanitarios son provocados por unha política de sanidade, coa que está totalmente en desacordo; indica tamén que levan dous anos intentando solicitar unha reunión co Conselleiro de Sanidade de Galicia (solicitaron reunión tres veces), o Secretario Xeral de Sanidade (solicitaron reunión tres veces) e ao Xerente do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) (solicitaron reunión tres veces), e ningunha desas ocasións tiveron resposta; manifesta que saben que hai unha ambulancia medicalizada en Baltar – Portonovo, pero entenden que non cubre toda a demanda que hai nesta Comarca (a terceira Comarca con máis densidade de poboación de Galiza), e para rematar apostila que todos os anos, por seguridade, durante o transcurso da Festa do Albariño, solicitan o traslado da ambulancia situada en Balar ao Concello de Cambados, solicitude non adscrita ao igual que o resto de solicitudes que fan en materia sanitaria.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, indicando que, estando o seu partido na oposición, xa solicitaran unha ambulancia medicalizada para o Concello, da mesma forma deron o seu apoio cando se propuxo, neste mesmo mandato polo acordo de goberno do grupo municipal e fixemos esa mesma petición no Parlamento Galego, polo tanto, indica que é evidente que apoiarán esta proposta.

Intervén a Sra. Alcaldesa, para indicar que dende o seu partido municipal, o PSdeG-PSOE, tamén se solicitou no Pleno do Parlamento Galego unha reunión co Conselleiro, que o grupo Popular tamén a rexeitou, indicando que en tres anos non quixeron recibir a este Concello, e manifesta que non lle parece xusto cando están a recibir a outros Concellos.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, explicando que dende o seu partido están de acordo coa moción, pero manifesta as súas dúbidas de que se envíe o acordo plenario á Xunta de Galicia, e indica que mentres non se lles demostre o contrario, dende o seu partido, cren que non se está enviando ningún acordo plenario.

Por alusións, **intervén a Sra. Secretaria** explicando que ten actas pendentes, que ten que traer ao seguinte Pleno, indicando que carecen de persoal no departamento de Secretaría, e que para a dimensión que ten este Concello, so teñen unha auxiliar administrativa

O Sr. Aragunde Aragunde indica que hai acordos plenarios pendentes de enviar, de hai dous anos, polo que manifesta que isto non serviría de nada.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación Municipal , por unanimidade, **aproba** a moción relativa a **“Solicitude de ambulancia medicalizada para a Comarca do Salnés”**.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende o número 2018-0291 ao 2018-0347, ambas inclusive, sendo a Resolución número 2018-0291 de data 29 de maio e a 2018-0347 do 14 de xuño, das que se lle dou traslado a tódolos membros da Corporación. O Pleno dase por enterado.

C) ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. Alcaldesa procede coa rolda de preguntas, producíndose as seguintes intervencións:

Sr. Aragunde Aragunde: os veciños de Vilariño, en concreto da aldea Sameiro, puxéronse en contacto co noso grupo para informarnos de que pintaron unha liña amarela nesa pista rural, que abarca entre os domicilios número 50 e 55 da aldea de Sameiro, cun aparcadoiro nun lateral; documento de que nesa estrada non se pode circular en dobre sentido cando está aparcado algún coche, tendo en conta que toda a estrada ten aproximadamente o mesmo ancho e coa liña amarela ao longo da estrada, ¿fan o mesmo en todas as estradas do rural que teñen ese mesmo ancho?.

Sra. Alcaldesa: este mesmo día, pola mañá, estivo a señora en cuestión no Concello falando co xefe da policía local, e en principio quedou solucionado o asunto, pero para responder á pregunta teremos que falar co xefe da policía local.

Sr. Aragunde Aragunde: Despois de aprobar o Regulamento da Praza de Abastos, as persoas que mercaron un posto na Praza do Concello de Cambados, a día de hoxe, aínda non se lle regularizou a situación; ¿A que é debido?; ¿Regularizarase esta situación?.

Sr. Aragunde Aragunde: ¿É certo que o día que se abriu o prazo para anotarse ás viaxes da Ruta Xacobeá, un luns ás 9 da mañá xa estaban cubertas as prazas das primeiras persoas que estaban esperando para incorporarse á viaxe e xa de inicio non puideron anotarse?; ¿Que criterio se aplicou para poder adherirse a estas listas?.

Sra. Alcaldesa: Xa che podo responder agora, si queres, e xa non cho paso por escrito; para apuntarse podían facelo ben por correo electrónico ou ben na propia oficina, cando chegaron as traballadoras á oficina de turismo, xa había moitas prazas cubertas, case todas, e estiveron á espera por si se daba de baixa algún e ir confirmando un a un, houbo xente que se dou de baixa e así foron tirando da lista de espera e intentouse contratar outro barco para que a xente que estaba na lista de espera, que era moita, puidera acudir tamén á Ruta Xacobeá, pero estaban todas as navieiras ocupadas, excepto unha, que xa fora contratada polo Concello fai dous anos, coa que o Concello non quedou contento, de feito, o ano pasado contratou esa mesma navieira o Concello de Vilagarcía e tampouco quedou contento, e na reunión que houbo do padroado, pois entre todos os Concellos que estaban alí, faláron de cal era esa navieira e acordaron non volver a contratala, entón non había barco, e a solución que se adoptou por parte da Consellería de Turismo foi que máis adiante, toda a xente que quedou na lista de espera, poidan facer esa viaxe da Ruta do Remonte e contratalo cando a navieira teña libre; polo tanto, vaise facer outra Ruta para esa xente que quedou en lista de espera, que entraría directamente.

Sr. Aragunde Aragunde: (Rogo) Que se abonen as axudas de material escolar, xa que rematou o curso, e aínda non se abonaron, nunca pasou isto na historia; Que se limpe e se roce a zona da Capela da Modia que está en moi mal estado.

Sra. Alcaldesa: Moitas gracias, damos por concluído o Pleno ordinario do mes de xuño.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e seis minutos, estendéndose a presente minuta-borrador da acta que asina a Sra. Presidenta, de todo o que, eu, Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE